

SUMARIO

Adaptación da programación didáctica no curso 2019/2020	3
Departamento de Artes Plásticas	4
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	5
1º ESO	6
3º ESO	9
4º ESO	12
2. Avaliación e cualificación	16
Avaliación a partires do 16 de marzo de 2020	16
Cualificación final	17
Proba extraordinaria de setembro	21
Alumnado coa materia pendente	21
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	23
Actividades	23
Metodoloxía	23
Materiais e recursos	24
4. Información e publicidade	26
Información ao alumnado e ás familias	26
Publicidade	27

Adaptación da programación didáctica no curso 2019/2020

Segundo [instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

Departamento de Artes Plásticas

Departamento unipersoal

- Xefe de departamento - Bertalan Kvisz

Índice da materia por cursos

- 1º ESO Educación Plástica, Visual e Audiovisual (EPVeA)
- 3º ESO Educación Plástica, Visual e Audiovisual (EPVeA)
- 4º ESO Educación Plástica, Visual e Audiovisual (EPVeA)

Docentes, materias e grupos

- Bertalan Kvisz
 - EPVeA de 1º ESO. Grupo A – Subgrupo 1
 - EPVeA de 3º ESO. Grupo A
 - EPVeA de 4º ESO. Grupo A
- José Manuel Deus Abelenda (como materia afín)
 - EPVeA de 1º ESO. Grupo A – Subgrupo 2

Fisterra, a 10 de maio de 2020

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1º ESO

Educación Plástica, Visual e Audiovisual - 1º de ESO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Expresión plástica	
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.
<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual - 1º de ESO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
gráfico-plásticas secas: lapis de grafito e de cor; colaxe.	<ul style="list-style-type: none"> ● EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.
	<ul style="list-style-type: none"> ● EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.
	<ul style="list-style-type: none"> ● EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compoñendoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.
	<ul style="list-style-type: none"> ● EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
Bloque 2. Comunicación audiovisual	
<ul style="list-style-type: none"> ● B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ● EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.
	<ul style="list-style-type: none"> ● EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.
	<ul style="list-style-type: none"> ● EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.
<ul style="list-style-type: none"> ● B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas. 	<ul style="list-style-type: none"> ● EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.
	<ul style="list-style-type: none"> ● EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual - 3º ESO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Expresión plástica	
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas: lapis de grafito e de cor; colaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compoñendoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
Bloque 3. Debuxo técnico	
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Coñecer lugares xeométricos e definilos. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñe- 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual - 3º ESO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
cendo os regulares e os irregulares.	
<ul style="list-style-type: none">B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.	<ul style="list-style-type: none">EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.
<ul style="list-style-type: none">B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.	<ul style="list-style-type: none">EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.
<ul style="list-style-type: none">B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.	<ul style="list-style-type: none">EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.
<ul style="list-style-type: none">B3.6. Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.	<ul style="list-style-type: none">EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.
<ul style="list-style-type: none">B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	<ul style="list-style-type: none">EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.
<ul style="list-style-type: none">B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.	<ul style="list-style-type: none">EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.

4º ESO

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Expresión plástica	
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaa no período ao que pertencen.
Bloque 3. Fundamentos do deseño	

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.
<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia	
<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.
<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.
	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none">B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.	<ul style="list-style-type: none">EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación a partires do 16 de marzo de 2020

Procedementos a partires do 16 de marzo de 2020

1. Presentación de tarefas a través de plataformas educativas.
 - 1º ESO – [E-Dixgal](#) e [G Suite para Centros Educativos](#).
 - 3º e 4º ESO – [G Suite para Centros Educativos](#).
2. Explicacións e resolución de dúbidas por vía telemática.
 - Por documentos de texto, imaxes e aplicacións como [Geogebra Classic](#), principalmente para presentación de tarefas e materiais.
 - Por videoconferencia para manter un contacto máis directo co alumnado mediante [Google Meet](#), principalmente para exposición oral e gráfica da tarefa correspondente ou fracción da mesma e resolución das posibles dúbidas.
 - Por mensaxería e correo electrónico, principalmente para feedback e consultas.
3. Realización por parte do alumnado de actividades, en xeral contando con asistencia telemática do docente durante o proceso, consistentes en:
 - Exercicios artísticos.
 - Láminas en formato normalizado DIN-A4 no caso do debuxo xeométrico.
 - Tarefas teóricas.
4. Recollida das actividades nunha data posterior previamente sinalada.
5. Corrección dos traballos e resolución das dúbidas que puideran quedar pendentes.
6. No caso de que o discente presentara actividades non satisfactorias debido a problemas relacionados coa aprendizaxe, deseñaríanse actividades de apoio individualizadas.

Instrumentos a partires do 16 de marzo de 2020

A avaliación efectuarase atendendo aos exercicios presentados.

Nas tarefas teóricas valorarase especialmente a comprensión dos contidos e a presentación.

Nos exercicios artísticos valorarase especialmente a a comprensión dos contidos; en menor medida a creatividade aplicada aos contidos; e soamente con criterio positivo os valores propiamente plásticos: forza, elegancia e beleza na execución.

Nos exercicios de debuxo xeométrico valorarase especialmente a comprensión dos contidos, a precisión dos trazados e a limpeza.

.A recuperación só será necesaria naqueles casos nos que o discente denote non ter adquirido as competencias básicas así como os coñecementos conceptuais, procedementais e actitudinais contemplados nos estándares de aprendizaxe e consistirá na repetición da actividade e/ou a execución dunha actividade diferente, segundo os casos particulares.

Aos estudantes que non obtiveran unha cualificación global positiva o remate do curso en xuño segundo os criterios de cualificación dispostos no apartado [Cualificación final](#) procurarase, no caso de que as autoridades sanitarias e educativas o permitisen chegado o momento, ofrecerlles a realización dun exame formal presencial no centro que conterá cuestións referidas aos estándares de aprendizaxe e relacionadas cos contidos expostos e traballados durante o curso.

Cualificación final

Sistema de puntuación para os traballos con data de entrega sinalada hasta o 13 de marzo de 2020

- A nota de traballo corresponde á media aritmética das medias xeométrica e aritmética das respectivas cualificacións obtidas dende o inicio do curso en cada un dos traballos presentados; esta medida ten por obxecto asegurar a entrega de tódolos traballos por parte do alumnado, xa que constitúen o procedemento ordinario de avaliación na convicción de que as competencias se acadan a través da práctica.
- Os traballos que se realicen durante o curso serán puntuados do seguinte xeito, permitíndose un máximo de tres entregas inxustificadamente fóra de prazo respectando a cualificación ordinaria; superada esta cantidade, tódolos traballos fora de prazo (incluídos os xa entregados), pasarán a ter a cualificación correspondente.

TRABALLO	En prazo	Fóra de prazo	Non entregado
Correcto	de 5 a 10	5	0
Incorrecto	3	1	

- Traballo entregado na data sinalada.
 - Con valoración negativa: 3
 - Con valoración positiva: do 5 ao 10
- Traballo entregado fóra de prazo inxustificadamente.
 - Con valoración negativa: 1
 - Con valoración positiva: 5
- Traballo non entregado: 0
- Co fin de que os discentes vexan recompensado o interese pola adquisición das competencias e a asimilación dos contidos poderán repetir tódolos traballos feitos ao longo do curso tantas veces como o desexen para mellorar as súas cualificacións e/ou obter positivos.
- A efectos da cualificación final contará unha soa nota por traballo, sendo esta a maior das obtidas.
- Todo isto sen prexuízo da existencia dalgúns exercicios que pola súa especial natureza non lles sexa aplicable algunha o algunhas destas regras.
 - Mención especial merecen as probas tipo exame ou participación en proxectos por non poder ser repetidos indefinidamente. Nestes casos e co fin de non deformar dramaticamente a función que cumpre a media xeométrica a nota mínima aplicable será o 1, incluído o caso no que o exercicio non fora realizado polo estudante.

Modificadores da nota para os traballos con data de entrega sinalada hasta o 13 de marzo de 2020

- Establécese un sistema modificador da nota baseado en positivos e negativos que son considerados desde o inicio do curso.
 - Un positivo por cada
 - Traballo repetido que teña valoración positiva e anteriormente xa fose valorado positivamente.
 - Intervención correcta nas explicacións de clase.
 - Achegas para a solución parcial ou total a problemas formulados na clase.

- Un negativo por cada
 - Falta de respecto.
 - Interferencia no normal desenvolvemento da clase.
 - Outras actitudes non axeitadas á aula.
- Un negativo ao traballo por cada
 - Sesión á que se acuda sen o material necesario.
 - Falla de traballo na clase aínda que se houbera traído o material.
- O valor dos positivos e negativos comeza próximo ao $\pm 0,1$ puntos respectivamente, decrecendo o seu valor conforme aumente a súa diferenza, tendo os límites en ± 2 puntos seguindo unha curva de tanxente hiperbólica.
 - $\text{Valor} = 2 * \text{TANH}(0,05 * (n^{\circ} \text{ positivos} - n^{\circ} \text{ negativos}))$
 - Esta medida ten a dobre finalidade de
 - Limitar o impacto dos negativos e positivos a un diferencial máximo de 2 puntos respecto á nota de traballo.
 - Garantir que toda acción do discente, tanto positiva como negativa, teña o seu efecto sobre a nota.
- O valor dos negativos ao traballo é de $-0,1$ puntos e se incorpora á **nota real** do seguinte xeito.
 - Se a nota incluíndo positivos e negativos é maior que 10, substitúese por 10 e réstase-lle o valor dos negativos á nota de traballo; en calquera outro caso, réstase-lle o valor dos negativos á nota de traballo. Esta medida ten a finalidade de
 - Asegurar que o discente, que é avaliado principalmente polo traballo, teña feito parte importante do mesmo de modo presencial.

Nota para os traballos con data de entrega sinalada hasta o 13 de marzo de 2020

- A **nota** para os traballos con data de entrega sinalada hasta o 13 de marzo de 2020 (número real) obtense sumando a **nota de traballo** co **modificador da nota**.
- Os discentes poderán acceder a súa cualificación en calquera momento, deste modo teñen o control e a responsabilidade sobre ela.
- Ademais, previa petición, se lles entregará un arquivo de folla de cálculo en formato libre .ods co que calcular a súa cualificación ou esperanza de cualificación de xeito autónomo.


Sistema de puntuación para os traballos con data de entrega sinalada posterior ao 13 de marzo de 2020

Co fin de que o alumnado non se vexa prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre, e non vexa minorados os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores, os traballos con data de entrega sinalada posterior ao 13 de marzo de 2020 non se valorarán por media algunha. A súa cualificación se sumará directamente á nota para os traballos con data de entrega sinalada hasta o 13 de marzo de 2020.

Esta nota estará en un rango de 0 a 2 puntos correspondendo o 0 a non ter realizado tarefa algunha e o 2 a ter realizado tódalas tarefas con notable corrección.

Nota da Avaliación Final Ordinaria

- A **nota real** (número real) obterase sumando a nota para os traballos con data de entrega sinalada hasta o 13 de marzo de 2020 e a nota para os traballos con data de entrega sinalada posterior ao 13 de marzo de 2020.
- A **Nota da Avaliación Final Ordinaria** (número natural) obterase aplicando a seguinte correspondencia coa **nota real**, fundamentada na división do intervalo entre 0 e 10 en 11 partes iguais.



- Notas superiores ao 10 computaranse como 10.
- Notas inferiores ao 1 computaranse como 1.

Exame final

- Aos estudantes que non obtiveran unha cualificación global positiva o remate do curso en xuño segundo os criterios de cualificación dispostos procurarase, no caso de que as autoridades sanitarias e educativas o permitisen chegado o momento, ofrecerlles a realización dun exame formal presencial no centro que conterá cuestións referidas aos estándares de aprendizaxe e relacionadas cos contidos expostos e traballados durante o curso.
- No exame final ordinario constará a nota que pode obterse pola correcta execución de cada exercicio, e como norma $\frac{2}{3}$ partes da cualificación corresponderán á solución correcta e $\frac{1}{3}$ parte a limpeza e precisión. A cualificación obtida tamén será convertida segundo a correspondencia amosada entre nota real e Nota da Avaliación Final Ordinaria. A

cualificación positiva neste exame final ordinario implica a superación da materia no nivel do exame máis tódolos anteriores.

Proba extraordinaria de setembro

- Aos estudantes que non obtiveran unha cualificación global positiva na Avaliación Final Ordinaria procurarase, no caso de que as autoridades sanitarias e educativas o permitisen chegado o momento, ofrecerlles a realización dun exame formal presencial no centro que conterà cuestións referidas aos estándares de aprendizaxe e relacionadas cos contidos expostos e traballados durante o curso.
- No exame final extraordinario constará a nota que pode obterse pola correcta execución de cada exercicio, e como norma $\frac{2}{3}$ partes da cualificación corresponderán á solución correcta e $\frac{1}{3}$ parte a limpeza e precisión. A cualificación obtida tamén será convertida segundo a correspondencia amosada entre nota real e Nota da Avaliación Final Ordinaria. A cualificación positiva neste exame final extraordinario implica a superación da materia no nivel do exame máis tódolos anteriores.

Alumnado coa materia pendente

Para estudantes coa EPVeA pendente de 1º ESO e 3º ESO.

Criterios de avaliación

Os contemplados na programación presentada ao inicio do curso en setembro de 2019 posto que tódolos [traballos para pendentes](#) xa tiñan que estar presentados para o 13 de marzo de 2020.

Criterios de cualificación

Ao alumnado coa materia pendente aplicaráselles os criterios contemplados no apartado [Cualificación final](#) para o alumnado ordinario coa excepción do [Sistema de puntuación para os traballos con data de entrega sinalada posterior ao 13 de marzo de 2020](#) posto que tódolos traballos para pendentes xa tiñan que estar presentados para esa data.

Aos estudantes que non obtiveran unha cualificación global positiva para a Avaliación de Pendentes en maio segundo os criterios de cualificación dispostos no apartado [Cualificación final](#) procurarase, no caso de que as autoridades sanitarias e educativas o permitisen chegado o momento, ofrecerlles a realización dun

exame formal presencial no centro que conterá cuestións referidas aos estándares de aprendizaxe e relacionadas cos contidos traballados durante o curso.

Procedementos e instrumentos de avaliación

1. A principios de outubro cada estudante coa materia suspensa recibe unha lista en papel impreso con tódolos traballos a entregar incluída a correspondente temporalización. Este [documento](#) está a súa disposición durante o curso na páxina web do centro.
2. Reciben un encargo, con periodicidade semanal, dun traballo xunto coa explicación dos contidos. Dispoñen dun mínimo dunha semana para completar cada exercicio e entregalo.
3. A atención ao alumnado realízase durante os recreos dispoñibles. Os matriculados en 3º e 4º ESO e que cursan Educación Plástica, Visual e Audiovisual tamén poden aproveitar as clases ordinarias sempre que non interfiran notoriamente nelas.
4. Recollida dos traballos na data previamente sinalada.
5. Corrección dos traballos e resolución das dúbidas que puideran quedar pendentes.
6. No caso de que o estudante presentara traballos non satisfactorios debido a problemas relacionados coa aprendizaxe, deseñaríanse actividades de apoio individualizadas.
7. A avaliación efectúase atendendo aos exercicios presentados.
 - Nos exercicios de debuxo xeométrico valorase especialmente a comprensión dos contidos, a precisión dos trazados e a limpeza.
 - Nos exercicios artísticos valorase especialmente a comprensión dos contidos; en menor medida a creatividade aplicada aos contidos; e soamente con criterio positivo os valores propiamente plásticos: forza, elegancia e beleza na execución.
8. A recuperación só é necesaria naqueles casos nos que o discente denote non ter adquirido as competencias básicas así como os coñecementos conceptuais, procedementais ou actitudinais contemplados nos contidos e consiste na repetición e/ou execución dun novo ou diferente traballo práctico, segundo os casos particulares.
9. Aos estudantes que non obtiveran unha cualificación global positiva para a Avaliación de Pendentes en maio segundo os criterios de cualificación dispostos no apartado [Cualificación final](#) procurarase, no caso de que as autoridades sanitarias e educativas o permitisen chegado o momento, ofrecerlles a realización dun exame formal presencial no centro que conterá cuestións referidas aos estándares de aprendizaxe e relacionadas cos contidos traballados durante o curso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación.

Actividades

Con carácter xeral, a recuperación repaso e reforzo, das avaliacións suspensas realizarase mediante a presentación de traballos non presentados con anterioridade, a repetición de traballos e/ou a execución dun novo ou diferente traballo práctico, segundo os casos particulares. Estes traballos valoraranse de acordo co disposto no [Sistema de puntuación para os traballos con data de entrega sinalada hasta o 13 de marzo de 2020](#).

Xunto a esta vía para recuperar a materia ou mellorar a cualificación presentaranse traballos adicionais de reforzo que se valorarán de acordo co disposto no [Sistema de puntuación para os traballos con data de entrega sinalada posterior ao 13 de marzo de 2020](#). Estes traballos profundarán nos contidos que estaban sendo tratados en clase no momento de comezar o confinamento

- EPVeA 1º ESO
 - Traballos de Composición.
- EPVeA 3º ESO
 - Traballos de Tanxencias.
- EPVeA 4º ESO
 - Traballos de Deseño.

Metodoloxía

Alumnado con conectividade

1. Presentación de tarefas a través de plataformas educativas.
 - 1º ESO – [E-Dixgal](#) e [G Suite para Centros Educativos](#).
 - 3º e 4º ESO – [G Suite para Centros Educativos](#).
2. Explicacións e resolución de dúbidas por vía telemática.

- Por documentos de texto, imaxes e aplicacións como [Geogebra Classic](#), principalmente para presentación de tarefas e materiais.
 - Por videoconferencia para manter un contacto máis directo co alumnado mediante [Google Meet](#), principalmente para exposición oral e gráfica da tarefa correspondente ou fracción da mesma e resolución das posibles dúbidas.
 - Por mensaxería e correo electrónico, principalmente para feedback e consultas.
3. Realización por parte do alumnado de actividades, en xeral contando con asistencia telemática do docente durante o proceso, consistentes en:
- Exercicios artísticos.
 - Láminas en formato normalizado DIN-A4 no caso do debuxo xeométrico.
 - Tarefas teóricas.
4. Recollida das actividades nunha data posterior previamente sinalada.
5. Corrección dos traballos e resolución das dúbidas que puideran quedar pendentes.
6. No caso de que o discente presentara actividades non satisfactorias debido a problemas relacionados coa aprendizaxe, deseñaríanse actividades de apoio individualizadas.

Alumnado sen conectividade

Non hai alumnado sen conectividade. Os casos existentes ao comezo do confinamento foron solucionados cos medios dispoñibles:

- Medios do centro
 - Equipos portátiles con SO Abalar.
- Medios de E-Dixgal
 - Equipos portátiles con SO Abalar.
 - Conexións a rede de telefonía por tarxetas de datos.

Materiais e recursos

Este ano sumámonos ao proxecto E-Dixgal comezando en 1º ESO polo que estes discentes teñen a súa disposición un ultraportátil que poden levar a casa.

Non hai alumnado sen conectividade. Os casos existentes ao comezo do confinamento foron solucionados cos medios dispoñibles:

- Medios do centro
 - Equipos portátiles con SO Abalar.
- Medios de E-Dixgal
 - Equipos portátiles con SO Abalar.
 - Conexións a rede de telefonía por tarxetas de datos.

No seu conxunto isto permite o acceso a unha inmensa cantidade de material e información complementarios á clase, variada e de rápido acceso.

Por outra banda, estes instrumentos tamén posibilitan a elaboración de materiais propios e canles de publicación para o docente: presentacións, vídeos, mapas mentais, redes sociais, blogs entre outros. Tamén permiten a aprendizaxe práctica dos discentes con ferramentas informáticas.

- Editores de imaxes vectoriais como Inkscape.
- Editores de imaxes raster como Gimp.
- Editores de xeometría interactiva como Geogebra.
- Editores de vídeo como Kdenlive.
- Programas CAD como SketchUp ou FreeCAD.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

E-Dixgal e Classroom

- Ao inicio de cada actividade.
 - Contidos.
 - Criterios de avaliación.
 - Estándares de aprendizaxe.
 - Temporalización.
 - Grao mínimo de consecución.
 - Instrumentos e procedementos de Avaliación.
- Consultas e aclaración de dúbidas.

E-Dixgal e Gmail

- Para os traballos con data de entrega sinalada hasta o 13 de marzo de 2020
 - Cualificacións actualizadas ao 27 de marzo de 2020: parciais e globais, individualizando cada traballo coa súa cualificación.
- Consultas e aclaración de dúbidas.

Entrega por petición

- Todo o alumnado.
 - Arquivo de folla de cálculo para poder calcular a súa cualificación ou esperanza de cualificación de xeito autónomo (previa petición).

[Web do Centro](#)

- Todo o alumnado.

- [Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.](#)
- Alumnado coa materia pendente.
 - Listado de [Traballos para pendentes](#) a realizar durante o curso coas súas correspondentes datas de entrega.

Publicidade

Publicación deste documento na páxina web do centro.